



CONDICIÓNS E NORMAS DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2018

CONDICIÓNS:

O obxectivo do campamento urbano municipal é ofrecer aos veciños a posibilidade de conciliar a vida laboral e familiar co lecer educativo dos nenos.

Dirixido ao alumnado que estea matriculado no curso escolar 2017-2018 en:

- 2º ciclo de Educación Infantil.
- Toda Educación Primaria.
- 1º da ESO.

Actividades que farán:

- Actividades lúdico - deportivas e culturais.
- Obradoiro lúdico en Inglés.
- Ademais cada participante fará unha saída cultural, deportiva ou lúdica na quenda.
- Formaranse grupos por idades, segundo as inscricións, en cada unha das quendas.

Datas: de luns a venres (salvo festivos) nas seguintes quendas:

1ª quenda: do 2 ao 13 de xullo.

2ª quenda: do 16 ao 31 de xullo.

3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto.

4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto.

Lugar de realización: No CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre.

Selección: farase unha valoración en función da renda per cápita anual familiar dos proxenitores, e da situación socio - laboral e familiar dos proxenitores, en primeiro lugar dos empadroados en Cambre, a continuación dos traballadores no termo municipal de Cambre e por último aos empadroados noutros municipios:

A valoración se realizará outorgando puntos a diversos items e facendo un listado en función da puntuación obtida de maior a menor, segundo figura a continuación:

1 - Situación **socio - laboral** das familias:

Por cada proxenitor en situación de emprego: 2 puntos.

Familia monoparental con emprego: 4 puntos (considérase a estos efectos familia monoparental aínda que reciba pensión alimenticia pola manutención dos fillos/as que teñan ao seu cargo).

2 - Situación **socio - económica** das familias:

Se a renda per cápita da unidade familiar é inferior ou igual ao IPREM 6.390,13 euros: 3 puntos.

Se a renda per cápita da unidade familiar está entre os 6.390,14 euros e ata os 7.668,14 euros: 2 puntos.

Se a renda per cápita da unidade familiar é superior aos 7.668,14 euros: 1 punto.



3 - Situación **socio – familiar** das familias:

Calquera outra situación **socio - familiar** que sexa susceptible de valoración:

Por cada proxenitor: 2 puntos.

Familia monoparental: 4 puntos (considérase a estes efectos familia monoparental aínda que reciba pensión alimenticia pola manutención dos fillos/as que teñan ao seu cargo).

Este apartado non pode sumarse ao da situación **socio – laboral**.

En caso de empate a puntos terán preferencia os que traballen os dous proxenitores.

Terase en conta o nivel de renda do ano 2016 da unidade familiar:

-A unidade familiar é como norma xeral a formada polo pai/nai/titor e fillos solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha minusvalía ou se encontren en situación de desemprego.

-Enténdese por «**renda per cápita anual familiar**» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2016, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán la base imponible xeral (**casilla 392** da declaración da Renda do ano 2016) coa base imponible do aforro (**casilla 405** da declaración da Renda do ano 2016) e se resta a cuota resultante da declaración (**casilla 537** da declaración da Renda do ano 2016).

Se non ten obriga de facer declaración do imposto sobre a renda do 2016, o documento que acredite os ingresos percibidos no ano 2016.

Prazo e lugar de inscrición: Do 17 de abril ao 27 de abril de 2018. Presentar en calquera dos rexistros de entrada municipais:

- **formulario de solicitude.**
- **autorización para que o Concello de Cambre comprobe o nivel de renda 2016** da unidade familiar.
(o formulario de solicitude e a autorización, poderá descargarse da páxina web do Concello de Cambre ou recoller nos rexistros municipais ou na oficina de Educación (situada na Barcala)).
- **Libro de familia.**
- Se a familia **é monoparental** acreditar dita situación documentalmente (sentencia de separación ou divorcio, xustificante de viuvez ou outras situacións...).
- **Última nómina ou un informe da empresa.**
- **Ultimo recibo de pago**, no caso de autónomos.
- **Outra documentación** que acredite a necesidade de conciliación en función doutras circunstancias que non sexan laborais.
- Documentación acreditativa do **núm. de conta bancaria** onde se fará o cargo das actividades.
- Documentación necesaria **para poder aplicar as reducións** que solicite, (só para empadroados en Cambre) :
 - **Título de Familia Numerosa** (para o desconto do 50%).
 - **Carné Xove** (para o desconto do 20%).
 - **Carné da Omix** (para o desconto do 20%).
 - **Copia da tarxeta do paro actualizada**, cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten (para o desconto do 30%).
 - **Informe Servizos Sociais** (para o desconto do 100%).
 - Desconto 2º irmán: o primeiro paga o 100% e o segundo o 50%.

Nota: levar só os orixinais, as fotocopias se fan no propio rexistro de entrada do Concello de Cambre.



No caso de non presentar a documentación necesaria para facer a selección, requirirase por escrito. De non presentala, a solicitude pasará a continuación do último seleccionado presentado en prazo ou por orde de inscrición se a presenta fóra do prazo.

As solicitudes presentadas fóra do prazo de inscrición pasarán a continuación da última valorada e por orde de rexistro de entrada. Se hai prazas libres terá praza, e se non hai prazas libres pasará á lista de espera.

Horarios e prazas:

MÓDULOS	HORARIO	PRAZAS POR QUENDA	
		Mínimo	Máximo
Mañanceiro (con ou sen almorzo)	7:30 a 9:30	10 10 almorzo	108
Actividades	9:30 a 13:30	20	108
Gardería (sen comida)	13:30 a 14:30	10	108
Comida	13:30 a 16:30	25	108
Transporte (só paradas nos CEIPs do municipio de Cambre)	Confirmarase antes do inicio do campamento	10	50

Das 108 prazas ofertadas por quenda, 8 (por quenda) están reservadas ao alumnado do “Obradoiro lúdico - cultural para menores” de Servicos Sociais. Un mesmo alumno/a do “Obradoiro lúdico-cultural para menores” só poderá solicitar unha quenda.

Para que se dean todas as modalidades deberá haber o número mínimo de solicitudes establecido, se non non se poderá prestar o servizo determinado.

A modalidade elixida non poderá variar ao longo do programa.

Un mesmo participante poderá solicitar como mínimo unha quenda e como máximo tres (terá que autorizarse expresamente a solicitude para as catro quendas).

Listado admitidos:

- Unha vez rematado o prazo de inscrición deberase chamar ao teléfono de Educación no 981 613 291 ou mirar na páxina web municipal a partir do día 4 de xuño de 2018.

Baixas:

- As baixas e o cambio de modalidade elixida solicitaranse por escrito en calquera dos rexistros municipais ou na dirección de correo electrónico “educacion@cambre.org” nos días 11 e 12 de xuño de 2018. Logo destas datas non poderase dar de baixa, salvo causas imprevistas e xustificadas.

Modalidades:

Nº	HORARIO	MODALIDADE
1	7:30-13:30h	Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades
2	7:30-14:30h	Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e gardería de 13:30-14:30h (sen comida).
3	7:30-16:30h	Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida.
4	9:30-13:30h	Só actividades
5	9:30-14:30h	Actividades e gardería de 13:30-14:30h (sen comida)
6	9:30-16:30h	Actividades e comida.

Prezos segundo modalidade:

MODALIDADE Nº	1ª QUENDA (10 días)	2ª QUENDA (11 días)	3ª QUENDA (10 días)	4ª QUENDA (11 días)
1	60 euros	66 euros	60 euros	66 euros
2	70 euros	77 euros	70 euros	77 euros
3	90 euros + 40 euros (comida)	99 euros + 44 euros (comida)	90 euros + 40 euros (comida)	99 euros + 44 euros (comida)
4	40 euros	44 euros	40 euros	44 euros
5	50 euros	55 euros	50 euros	55 euros
6	70 euros + 40 euros (comida)	77 euros + 44 euros (comida)	70 euros + 40 euros (comida)	77 euros + 44 euros (comida)

Reduções aplicables aos empadroados en Cambre:

- Para as **actividades**: 20% carné xove ou carné da omix.; 30% se ambos proxenitores ou o titor do participante acrediten figurar no rexistro do paro; 50% familia numerosa ou segundo irmá; 100% informe dos Servicios Sociais de Cambre.

- Para a **comida**: en función do nivel de renda familiar anual per cápita, un 70% (se é inferior ou igual ao IPREM 6.390,13 euros) e un 40% (se está entre os 6.390,14 euros e ata os 7.668,14 euros) e 100% informe dos Servicios Sociais de Cambre.

Ás persoas non empadroadas en Cambre non se lles aplicará as reduções citadas anteriormente.



Transporte: Paradas e horario orientativo, poden variar segundo a demanda real dos participantes.

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP GRAXAL	8:45	17:15
CEIP PORTOFARO (á volta na parada de bus de enfrente).	8:55	17:05
Urb. A Barcala	9:00	17:00
CEIP BREXO - LEMA	9:10	16:50
CEIP SIGRÁS	9:20	16:40

NORMAS:

- 1- Os pais, nais ou titores serán puntuais á hora de traer e recoller ao neno/a á entrada e saída do campamento ou na parada de bus do mesmo.
- 2- Durante todo o obradoiro, os pais, nais ou titores deberán ter o teléfono operativo.
- 3- Non están permitidos os aparellos electrónicos nin xoguetes durante o obradoiro.
- 4- Os/as nenos/as terán que traer roupa cómoda e que se poida manchar, e os máis pequenos unha muda, se o precisa.
- 5- Os/as nenos/as traerán algo de comer para media mañá e auga.

MÁIS INFORMACIÓN DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2018 NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN NO TF: 981 613 291.